

Suplemento
realizado
por ADEGA



Quinta feira,
24 de outubro
de 2019
Número 22

Caderno de
análise sobre
ecoloxismo
e o ambiente
en Galiza.
Coordinación:
Manuel Soto
Castiñeira



Fotos: Arquivo ADEGA

Xornada histórica para o movemento ecoloxista

Impulsado pola mocidade a través do movemento *Fridays For Future*, xurdido a través dos actos de protesta da adolescente sueca Greta Thunberg, tivo lugar unha semana de reivindicacións mundiais polo clima que rematou o 27-S cun día de folga e mobilizacións en máis de dúas mil cidades de 155 países diferentes. Na Galiza, máis de dez cidades e vilas viviron accións e actos a prol do clima para reclamar unha declaración real e efectiva de emerxencia climática. Culminou en grandes manifestacións que botaron á rúa unhas 8.000 persoas en Vigo, 5.000 na Coruña ou 4.000 en Compostela.

Ángel E. López

A Semana polo Clima supón xa un novo fito histórico dentro do ecoloxismo galego, xa que conseguiu aglutinar baixo as mesmas accións a todas as entidades ecoloxistas e sociais do país, grazas á chamada á reivindicación dos novos xeitos de participación e de acción global realizada polos movementos *Fridays For Future* e *Extinction Rebellion*. Isto supón un feito significativo en si mesmo, xa que constituíu unha semente que vai axudar a artellar novas sinerxias e colaboracións entre diferentes xeracións e colectivos, abrindo un novo paradigma na participación dentro do movemento ecoloxista.

O papel das asociacións ecoloxistas clásicas, como ADEGA, Greenpeace, Amigas da Terra ou Ecoloxistas en Acción, entre outras, foi o de acompañar estes novos movementos de participación e de mobilización global liderados pola xente máis nova, co fin

de ter a capacidade de transmitir e achegar aquelas problemáticas ambientais coas que se levan loitando e traballando anos desde o movemento ecoloxista. Conseguiuse transmitir esta heranza e axudar a encher estas novas propostas de participación de contido político e activista previo, sempre coa creación dunha narrativa que incluíra as realidades específicas de cada territorio e mediante a escoita activa e a participación das xeracións máis novas. Froito disto foi a creación do Movemento Galego polo Clima, plataforma para encadrar todas as accións e mobilizacións que ían xurdindo en Galiza baixo un mesmo paraugas de loita en común.

A semana de loita polo clima foi un acontecemento histórico, pois esta mobilización deixou de pertencer só ao ecoloxismo, de tal xeito que

outros sectores sociais comezaron a percibir a cuestión climática como emerxente, e sobre todo, a necesidade de reaxir global e localmente

fronte esta ameaza. Un exemplo é que o manifesto do Movemento Galego polo Clima foi apoiado por máis de 80 colectivos, desde entidades ecoloxistas, sociais, departamentos de universidades, cooperativas etc. Tamén se reflicte este feito a nivel local, coa preparación das programacións da semana polo clima nas diferentes cidades e vilas do país, como en Ourense, Lugo, Pontevedra, A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Vigo, Vilagarcía, Lalín ou Ribadeo, onde participaron colectivos e entidades que transcenden ao eido ecoloxista.

**O MOVIMENTO
GALEGO POLO
CLIMA XORDE COMO
PLATAFORMA PARA
ENCADRAR TODAS
AS ACCIÓNS E
MOBILIZACIÓNS QUE
VAIAN XURDINDO**

>> *Continúa na páxina seguinte*

Mobilizacións e actos diversos o 27 de setembro en diferentes localidades galegas, en resposta ás convocatorias do Movemento Galego polo Clima, e que contaron cunha forte participación da mocidade galega.

Fotos: Arquivo ADEGA



>> Vén da páxina anterior

E todo isto foi posible grazas a este movemento da xente máis nova a nivel global que a mocidade galega soubo recoller moi ben.

Mudemos o sistema, non o clima!

Unhas das palabras de orde que máis se escoitou na semana de mobilizacións polo clima facía referencia á necesidade de mudar o sistema socioeconómico actual, responsabilizándoo da situación de Emerxencia Climática que o planeta está a vivir. O capitalismo, baseado no crecemento constante, na acumulación de riquezas en mans dunha minoría e na extracción de recursos que son limitados no planeta, é un sistema claramente incompatible coa sustentabilidade ambiental, a natureza e a xustiza e equidade social.

Sería preciso procurar novos modelos de participación colectiva baseados no decrecemento para diminuír a pegada ecolóxica que temos como sociedade, particularmente nos países con maior consumo entre os que se atopa Galiza. Así teríamos que camiñar conxuntamente cara a un novo modelo que consiga poñer no centro a vida dos animais humanos e non humanos e a conservación dos ecosistemas, fronte ao modelo capitalista de devastación actual.

Cambio Climático, ameaza real

O cambio climático é unha realidade máis que demostrada nos nosos días tal como ditaminan os diferentes informes do Panel Intergubernamental sobre Cambio Climático (IPCC nas súas siglas en inglés). Os cambios provocados no sistema Terra durante o antropoceno están a pasar factura a día de hoxe, e Galiza



non fica allea a esta situación.

Algúns dos efectos que máis estamos a notar na Galiza son a intensidade e perigosidade dos incendios forestais, e os procesos de erosión e perda de solo, ambos acompañados dunha gran perda de biodiversidade. Camiñamos cara a procesos de desertificación e a unha "mediterrización" do clima atlántico, producindo un gran problema no equilibrio dos ecosistemas. O estrés hídrico ao que ten que facer fronte o territorio é cada vez máis intenso, con escaseza de auga en moitas das nosas parroquias e comarcas. A pesar de que a pluviosidade na Galiza é alta, non temos grandes reservorios de auga en acuíferos pola xeoloxía granítica. Por iso temos unha gran vulnerabilidade se descende a pluviosidade, como se prevé que vai pasar cando menos nos veráns. Un exemplo foi en 2017, un ano de seca estival prolongada, que provocou que cidades como Vigo experimentaran escaseza de auga.

EMERXE A DENUNCIA DO CAPITALISMO COMO SISTEMA INCOMPATÍBEL COA SUSTENTABILIDADE, A NATUREZA E A EQUIDADE SOCIAL

O papel da administración fronte a Emerxencia Climática

Mediante a declaración de emerxencia climática, o movemento polo clima reclama das administracións medidas reais e efectivas en todos os ámbitos da sociedade, para mitigar as emisións e suavizar no posible os efectos da mudanza climática.

Entre as reivindicacións máis inmediatas está a da transición a outro modelo enerxético baseado en enerxías renovables e na descentralización da produción enerxética en pequenas produtoras fóra da lóxica das grandes empresas eléctricas. Así, acadar unha soberanía enerxética sería un dos primeiros pasos a seguir. Tamén sería preciso outra cultura da auga, que fomentase e potenciase as comunidades de auga en Galiza, así como apostar pola municipalización deste servizo, xa que un ben público coma a auga debería escapar da lóxica da privatización.

Nas cidades é preciso procurar formas de mobilidade máis sostible, dando protagonismo ás persoas como peóns, ás bicicletas e ao transporte público e colectivo. Cómpre camiñar cara a cidades e vilas de cero emisións de gases de efecto invernadoiro. Tamén apostar por outra mobilidade máis sostible en todo o territorio, mediante a organización comarcal dos servizos e a ordenación do territorio.

Precisamos novos modelos de xestión forestal en equilibrio coa natureza, escapando do modelo productivista baseado no monocultivo de eucalipto e piñeiro. Debemos apostar pola conservación real dos espazos naturais, pola rexeneración ambiental e pola eliminación das EEIs.

A nivel local, as administracións e as entidades ecoloxistas teñen o enorme desafío de apostar por ferramentas participativas, facendo fincapé no enorme potencial que ten a figura da custodia do territorio para a posta en valor e conservación do patrimonio natural. Tamén, a educación e o voluntariado ambientais son ferramentas imprescindibles para a conservación do medio e a transformación social xa que permite implicar a sociedade

Ángel E. López, titulado en Xeoloxía e en Enxeñaría Xeolóxica, é presidente de ADEGA-Vigo e vogal de Pacifismo e Mundialización de ADEGA.



Centrais térmicas, industrias electrointensivas, xuventude sen futuro

Manuel Soto

Estamos a tres décadas do Cumio da Terra en Rio de Janeiro, a dúas de Quioto e a catro anos de París cando a comunidade científica fixou en 2020 o punto de non retorno. A necesidade imperiosa de abandonar a queima de carbón ficou patente xa nesas alturas, aínda que os compromisos declarados e mesmo asinados, non chegarían a cumprirse. Reducir as emisións de CO₂ non é posíbel sen abandonar os combustíbeis fósiles. Esa “transición” sempre adiada faise agora inevitábel ante a emerxencia climática.

Administracións e toda a clase política viñeron facendo ouvidos xordos da demanda unánime do ecoloxismo e da ciencia. Súmase agora a voz dunha mocidade que denuncia o seu futuro roubado, a primeira xeración en palpar na súa adolescencia a realidade da catástrofe ambiental e climática. Unha xuventude que comproba día a día que ninguén pon remedio, que cuestiona o modelo capitalista e non tardará en revolverse para evitar que todo siga igual.

As térmicas instaladas na Galiza, nas Pontes e Cerceda, teñen agora os días contados, mais iranse sen saldar a débeda ecolóxica contraída co país. A contaminación por choiva ácida, por metais pesados, hidrocarburos e partículas foi todo un atentado ecolóxico contra a saúde e os recursos dunha sociedade rural impotente e esmorecente. Impactos locais denunciados polo ecoloxismo galego e por quen os sufría, mais que nunca chegaron a pesar na balanza política. Foi preciso agardar a emerxencia global para botarlles o peche. Non chega con iso.

Agora que a protesta se xeneraliza todo o mundo se acolle a esa declaración de emerxencia. Porén, as contradicións son aínda máis patentes se persistimos en reclamar a baixada dos prezos da enerxía, sexa para as industrias electrointensivas ou para o uso persoal por unha sociedade atada ao consumismo. Seguimos a pensar que sen os fósiles medraremos queimando renovábeis. Mentres, esqueceríamos como saldar dunha forma redistributiva e xusta os custos da emerxencia climática e perderíamos as oportunidades para algo novo máis sustentábel.

QUEREMOS PÓR
NO CENTRO A VIDA
E OS COIDADOS,
A SOBERANÍA
ALIMENTARIA, A
ECONOMÍA CIRCULAR,
O COOPERATIVISMO...
OU AS PRÁCTICAS
COMUNITARIAS

no medio natural. Só desta forma se consegue coñecer as problemáticas ambientais, as ameazas e a vulnerabilidade do territorio, e tamén os beneficios que achega unha natureza ben conservada. Faise necesario acadarmos unha sensibilización e a unha actitude máis proactiva que leven a unha maior demanda de medidas reais por parte da sociedade no referente á protección da natureza.

O ecofeminismo perante o Cambio Climático

O ecofeminismo é un pilar fundamental e de enorme importancia para o movemento ecoloxista, xa que permite a interseccionalidade no discurso e nas prácticas. É pre-

ciso rachar coa visión androcéntrica e antropocéntrica que xestiona o mundo no modelo capitalista e que fai que as mulleres, dentro do sistema heteropatriarcal, teñan unha posición moito máis vulnerable. Co capitalismo vaíse perdendo cada vez máis soberanía no acceso ás terras de cultivo, á auga, aos recursos básicos para a vida, aos procesos de participación colectiva, aos espazos políticos, ao acceso ao traballo e un longo etcétera. Berta Cáceres, asasinada por defender o dereito ao acceso a terra e a auga, exemplifica a loita ecofeminista.

Rachar con esta visión androcéntrica e antropocéntrica na ordenación do territorio, nas prácticas económicas e nas relacións sociais é un labor que fía moi ben o ecofeminismo e que desde os movementos ecoloxistas temos que traballar moito. Queremos pór no centro a vida e os coidados, a soberanía alimentaria, a economía circular, o cooperativismo... ou as prácticas comunitarias das que son exemplo os montes veciñais. Todo isto é esencial para rachar coas fendas de xénero, as desigualdades sociais e a destrución da natureza.

Silvia Mette, estudante e activista ambiental

«Con Fridays deixei atrás ese sentimento de impotencia»

Estudante de secundaria e activista de Fridays for Future (FFF), Silvia Mette

afirma que a tala de árbores, a caza furtiva de especies por ocio, a contaminación do aire e da auga, a explotación gandeira, o consumismo compulsivo... son problemas reais que afectan á Terra. Conversamos con ela sobre a mobilización do pasado setembro.

Ángel E. López

Que significa para ti participar no movemento FFF?

Formar parte de algo máis grande no que todos temos unha causa común e uns obxectivos moi parecidos. Ao participar neste movemento coñeces xente cunha mentalidade semellante á túa, e dáste conta que somos máis do que nos queren facer crer. Unirme a Fridays significou sobre todo, deixar atrás ese sentimento de impotencia.

Como se estrutura FFF a nivel europeo... e a nivel galego e local?

Existe un documento, creado este verán, na reunión internacional de FFF onde se traballou este aspecto. Quero destacar a horizontalidade do movemento e a independencia dos grupos locais. Deste xeito,

na Galiza temos autonomía total en cada FFF local. En Vigo temos dividido o traballo en varios grupos (comunicación, coordinación, bases de estudantes, loxística...). Moitos venres facemos asembleas no Marco e se alguén quere participar activamente en FFF métese nun grupo de traballo.

Que te motivou a entrar en FFF?

Desde hai moito tempo quería formar parte dunha asociación ecoloxista. Lembro cando algúns compañeiros non entendían por que me molestaba tanto que tirasen un envoltorio ao chan, ou a impotencia que sentín en 2017 cos 200 incendios da Galiza, ou cando descubrín que os animais son tratados como mercadoría, o deforestamento de sitios que eu coñecía, a eucaliptización... Xa de pequena, volvíamos cunha bolsa de lixo da praia. Con todo, tiveron que pasar anos ata entender a amplitude do problema ambiental.

Xa participabas antes nalgún colectivo ecoloxista?

Non, ao ser menor de idade e non ter conta bancaria... Facía accións pola miña conta, e mesmo pensei en montar un grupo ecoloxista de adolescentes para xuntámonos e facer actividades. Pouco despois souben da existencia de Fridays en Vigo e uníme de inmediato.

Que poden achegar outros movementos, como o feminismo, a esta loita?

Os colectivos máis afectados nesta crise son os máis vulnerables. Con isto quero dicir que as mulleres teñen a maior porcentaxe de refuxiadas por causas climáticas, e os países do terceiro mundo, ou con menos recursos, teñen máis mortalidade por causas climáticas



que os do primeiro mundo. É unha loita de clase, pois van ser os sectores con menor poder adquisitivo os que máis van sufrir.

A que se debe o éxito do 27-S?

Houbo moito traballo por detrás. Creo que o maior acerto foi o de apoiarnos todas as asociacións ou movementos ecoloxistas. Non tería a mesma repercusión sen esa axuda. Eramos unha unidade cun obxectivo común. A difusión nas redes sociais, a semana de actividades... o proceso enteiro contribuíu.

Fálanos das principais ameazas ambientais

O aumento de temperatura, a contaminación de plásticos, a perda de biodiversidade... hai infinidade de problemas importantes e interrelacionados. Na Galiza, preocúpame o incremento do nivel do mar e da súa temperatura, que afectará a unha gran cantidade de especies mariñas e á economía do sector pesqueiro. Mais tamén as especies invasoras ou os incendios.

Que papel deben xogar as institucións?

Para comezar deberíase de eliminar esa mentalidade de canto máis diñeiro mellor. Iso foi o que trouxo esta situación. A pregunta que hai que facerlle aos gobernos e multinacionais é: tedes máis interese nos vosos beneficios económicos ou na preservación do planeta Terra? Todos e todas sabemos a resposta, aínda que o neguen diante das cámaras.

O peche das térmicas de carbón leva a despedidos e a problemas sociais...

Non vexo posible un cambio do paradigma actual cun sistema depredador do planeta. Se imos facelo ben, e un capitalismo verde non creo que sexa suficiente. O peche dunha térmica debería ser o comezo dunha renovable. Non tería que haber despedidos. Os e as traballadoras non están enfadados polo feito do peche da central, senón pola falta de traballo. Debería asegurarse un traballo a toda esa xente.

Ángel E. López é presidente de ADEGA-Vigo

Silvia Mette Vázquez, estudante de 2º de Bacharelato científico-biolóxico, participa en Fridays for Future